



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

---

### **CIRCULAR 10-2014**

- A todas as Delegacións (\*)
  - A todos os asambleistas
  - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE INVERNO DE LANZAMENTOS LONGOS**

Lugo, 16 de febreiro do 2014

**Art.1)** A Delegación da F.G.A en Lugo organizará o **Campionato Galego Absoluto de Inverno de Lanzamentos Longos**, que terá lugar en Lugo o vindeiro domingo día **16 de febreiro** do 2014.

**Art.2)** Poderán participar todos aqueles atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2013/14) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aunque pertencen a Clubes de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

*\*Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos*

**Art.3)** Poderán participar en cada especialidade os atletas que se inscriban coas 12 mellores marcas absolutas, conseguidas durante a tempada 2012/13 ou 2013/14.

**Art.4)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 11 de febreiro do 2014.**

**Art.5)** Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

**Art.6)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas, tanto en homes como en mulleres. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

**Art.7)** Serán proclamados gañador, segundo e terceiro, os atletas que acaden as tres mellores marcas absolutas, tanto en homes como en mulleres.

**Art.8)** Pasarán á mellora os 8 mellores atletas.

**Art.9)** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles

**Art.10)** Os atletas deberán confirmar persoalmente a súa participación 45 minutos antes da súa proba (deberán presentar DNI ou calquer documento con foto). A entrada á pista farase por cámara de chamadas, non estando permitido o acceso a mesma dende calquer outro punto distinto a esta.

**Art.11) HOMOLOGACIÓN DE ARTEFACTOS:**

Os artefactos pessoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma, exceptuando a xavelina que deberá ser ata 1 hora e 30 minutos antes.

---



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

### Art.12) HORARIO (provisional).

10,30h.- Martillo Mujeres  
12,00h.- Martillo Hombres  
13,30h.- Disco Mujeres  
15,00h.- Disco Hombres  
16,30h.- Jabalina Hombres  
18,00h.- Jabalina Mujeres

**Art.13)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- 3000 Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito ([direccionatletica@fgatletismo.com](mailto:direccionatletica@fgatletismo.com)), salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- 3001 Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- 3002 Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

**Art.15)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)  
A Coruña, a 27 de xaneiro de 2014